



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas externas: Estadías clínicas

Materia	Prácticas externas: Estadías clínicas			
Código	P05G170V01801			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	42	OB	4º	-
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Pazos Rosales, Jose Manuel Gutiérrez Nieto, Manuel Gonzalez Dopazo, Lois Lantaron Caeiro, Eva Maria			
Profesorado	Alonso Gomez, Abel Alvarez Groba, Maria del Rocio Aroco Zaballos, Maria del Pilar Bernardez Perez, Antonia Maria Bilbao Ogando, Guillermo Bouzas Lopez, Maria Esther Delgado Gijon, Maria de los Ange Diaz Fraga, Cristina Fatima Fernandez Vazquez, Maria Luisa Ferreiro García, Beatriz Ferreiro Rodriguez, Susana Fortes Alvarez, Carmen Frieiro Novoa, Alfonso Gonzalez Dopazo, Lois González Vázquez, Raquel Gutiérrez Nieto, Manuel Lantaron Caeiro, Eva Maria Lorenzo Salgado, Amalia Moleiro Rodriguez, Flora Pazos Rosales, Jose Manuel Pedreño Gonzalo, Enrique Santiago Pereira Rodriguez, Maria Trinidad Pérez Alonso, Alicia Rocha Acuña, David Rovira Garcia, Ana Souto Fernandez, Maria Esperanza			
Correo-e	lanfis@uvigo.es loisgd@uvigo.es mgnieto@uvigo.es jmpazos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código				
A1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.			
A2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.			

- A3 Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
- A4 Adquirir a experiencia clínica axeitada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.
- A5 Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
- A6 Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.
- A7 Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.
- A8 Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.
- A9 Avaliar a evolución dos resultados obtidos co tratamento en relación cos obxectivos marcados.
- A10 Elaborar o informe de alta dos coidados de Fisioterapia unha vez cubertos os obxectivos propostos.
- A11 Proporcionarlles unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes.
- A12 Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
- A13 Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
- A14 Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
- A15 Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.
- A16 Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
- A17 Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta.
- A18 Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se poña atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.
- A19 Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
- B1 Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
- B2 Capacidade de análise e síntese.
- B3 Capacidade de organización e planificación.
- B4 Capacidade de xestión da información
- B5 Resolución de problemas
- B6 Toma de decisións
- B7 Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
- B8 Comunicación a persoal cualificado como a non cualificado
- B9 Compromiso ético
- B10 Traballo en equipo
- B11 Habilidades nas relacións interpersoais
- B12 Razoamento crítico
- B13 Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.
- B14 Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
- B15 Aprendizaxe autónoma
- B16 Motivación por a calidade.
- B17 Adaptación a novas situacións
- B18 Creatividade
- B19 Iniciativa e espírito emprendedor
- B21 Coñecemento doutras culturas e costumes
- B22 Sensibilidade cara a temas ambientais
- B23 Traballar con responsabilidade
- B24 Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
- B25 Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais
- B26 Colaborar e cooperar con outros profesionais
- B27 Manifestar discreción
- B28 Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario
- B29 Axustarse aos límites da súa competencia profesional
- B30 Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir

Competencias de materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

13D Coñecer e comprender os factores que interveñen no traballo en equipo e en situacións de liderado.	A13 A18 A19
18D Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos xerais e os derivados doutros axentes físicos.	A3
19D Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos baseados en métodos e técnicas específicos de actuacións fisioterapéuticas a aplicar nas diferentes patoloxías de todos os aparatos e sistemas, e en todas as especialidades de medicina e cirurxía, así como na promoción e conservación da saúde, e na prevención da enfermidade. Tales métodos están referidos, entre outros: aos procesos neurolóxicos; do aparato locomotor (terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxia); do aparato respiratorio; do sistema cardiocirculatorio; ás alteracións da estática e a dinámica; aos métodos específicos ortopédicos e ás técnicas terapéuticas reflexas, alternativas ou complementarias afíns ao campo de competencia da Fisioterapia.	A3
20D Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia.	A19
23D Coñecer e comprender os procesos de administración e xestión sanitaria, especialmente dos servizos de Fisioterapia, no contexto diverso e cambiante no que esta se desenvolve.	A18
24D Coñecer e comprender as implicacións das disposicións organizativas e dos modelos traballo.	A18
25D Coñecer e comprender os criterios e indicadores que garantan a calidade na prestación do servizo de Fisioterapia, mediante o uso de guías de boa práctica clínica e de estándares profesionais.	A15 A18
1P Elaborar e cumprir de forma sistemática a historia clínica de Fisioterapia completa, onde se rexistren de forma axeitada e eficaz todos os pasos seguidos dende a recepción do paciente/usuario ata o informe de alta de Fisioterapia.	A4 A6
2P Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.	A4 A5
3P Determinar o diagnóstico de Fisioterapia de acordo coas normas recoñecidas internacionalmente e cos instrumentos de validación internacionais. Esta competencia inclúe xerarquizar as necesidades do paciente/usuario para atender con prioridade aquelas que máis comprometan o proceso de recuperación.	A4 A6
4P Diseñar o Plan de intervención de Fisioterapia. Elaborar un plan específico de intervención de Fisioterapia empregando habilidades de resolución de problemas e razoamento clínico: en consonancia cos recursos dispoñibles, formulando os obxectivos de intervención co usuario e, se é o caso, coas persoas significativas do seu ámbito, recollendo as súas expectativas respecto á atención, seleccionando os protocolos ou procedementos máis adecuados á atención planificada, atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.	A4 A7
5P Executar, dirixir e coordinar, o Plan de intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde.	A4 A8
6P Avaliar a evolución dos resultados obtidos co tratamento de Fisioterapia en relación aos obxectivos marcados e aos criterios de resultados establecidos. Para iso será necesario: definir e establecer os criterios de resultados, realizar a valoración da evolución do paciente/usuario, rediseñar os obxectivos segundo a valoración, se é preciso e adecuar o plan de intervención ou tratamento aos novos obxectivos.	A4 A9
7P Elaborar o informe á alta de Fisioterapia. Cando considere que se cubriron os obxectivos propostos, ben por curación do proceso ou ben porque se esgotasen as posibilidades de recuperación coas medidas terapéuticas ao alcance, propoñerase a alta de Fisioterapia e elaborarse o informe pertinente.	A4 A10
8P Proporcionar unha atención de Fisioterapia de forma eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes/usuarios, para o cal será necesario: Interpretar as prescricións facultativas, preparar o ámbito en que se levará a termo a atención de Fisioterapia para que sexa confortable, manter informado o paciente do tratamento que se lle aplica, explicándolle as probas e manobras que se lle practican, a preparación que requiren, e exhortalo a que colabore en todo momento, rexistrar diariamente a aplicación da atención en Fisioterapia, a evolución e os incidentes desta, identificar signos e síntomas de alteración das funcións biolóxicas relacionados coa atención de Fisioterapia, controlar e interpretar os signos vitais durante a execución do tratamento diario, orientar as actividades e modo de actuación en relación cos pacientes/usuarios, do persoal non sanitario e subalterno e avaliar a propia atención proporcionada aos pacientes/usuarios.	A4 A11 A16
9P Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade.	A4 A11 A12 A16

10P Relacionarse de forma efectiva con todo o equipo pluridisciplinar. Iso inclúe: establecer os obxectivos de Fisioterapia no seo do equipo, recoller, escoitar e valorar as reflexións do resto do equipo pluridisciplinar cara ás súas actuacións, aceptar e respectar a diversidade de criterios do resto dos membros do equipo, recoñecer as competencias, habilidades e coñecementos do resto dos profesionais sanitarios, participar e integrarse nos traballos do equipo nas súas vertentes científicas e profesionais, así como de relación cos familiares, grupos de interese e institucións, facer da comunicación e o respecto aos profesionais as ferramentas de superación dos conflitos interprofesionais e de competencias.	A4 A13	
11P Incorporar á cultura profesional os principios éticos e legais da profesión.	A4 A14	
12P Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional.	A4 A15	
13P Manter actualizados os fundamentos dos coñecementos, habilidades e actitudes das competencias profesionais, mediante un proceso de formación permanente (ao longo de toda a vida).	A4 A15	
14P Desenvolver actividades de planificación xestión e control dos servizos de Fisioterapia.	A4 A18	
15P Aplicar os mecanismos de garantía de calidade na práctica da Fisioterapia, axustándose aos criterios, indicadores e estándares de calidade recoñecidos e validados para a boa práctica profesional.	A4 A15 A18	
16P Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar o ámbito en situacións de tensión.	A4	
17P Asumir riscos e vivir en ámbitos de incerteza, é dicir, ter a capacidade para desempeñar unha responsabilidade sen coñecer ao 100% o resultado final.	A4	
18P Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa.	A4 A13 A18	
19P Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade.	A2 A4	
24P Capacidade de identificar elementos estruturais e alteracións da normalidade nos diferentes métodos de análise e diagnóstico a través da imaxe.	A1 A4	
1A Traballar con responsabilidade.	A17	B23
2A Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.	A17	B24
3A Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais.	A13	B25
4A Colaborar e cooperar con outros profesionais.	A13	B26
5A Manifestar discreción.	A14	B27
6A Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario.	A14 A19	B28
7A Axustarse aos límites da súa competencia profesional.	A14	B29
8A Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir.	A18	B30
1TI Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.		B1
2TI Capacidade de análise e síntese.		B2
3TI Capacidade de organización e planificación.		B3
4TI Capacidade de xestión da información.		B4
5TI Resolución de problemas.		B5
6TI Toma de decisións.		B6
7TI Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.		B7
8TI Comunicación con persoal cualificado como non cualificado.		B8
1TP Compromiso ético.		B9
2TP Traballo en equipo.		B10
3TP Habilidades nas relacións interpersonais.		B11
4TP Razoamento crítico.		B12
5TP Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.		B13
6TP Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar.		B14
1TS Aprendizaxe autónoma.		B15
2TS Motivación por a calidade.		B16
3TS Adaptación a novas situacións.		B17
4TS Creatividade.		B18
5TS Iniciativa e espírito emprendedor.		B19
7TS Coñecemento doutras culturas e costumes.		B21
8TS Sensibilidade cara temas ambientais.		B22

Contidos

Tema

Fisioterapia neurolóxica adultos

Fisioterapia osteoarticular

Fisioterapia neurolóxica infantil

Fisioterapia noutras especialidades

Fisioterapia no exercicio libre

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	48	102	150
Estudo de casos/análises de situacións	24	51	75
Prácticas clínicas	596	190	786
Cartafol/dossier	24	15	39
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	3	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun caso clínico, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e marcar obxectivos e o plan de tratamento.
Prácticas clínicas	O estudante desenvolve actividades nun contexto clínico relacionado co exercicio profesional do fisioterapeuta.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	O alumno deberá darse de alta na plataforma Tema para o correcto seguimento da materia. TITORÍAS As titorías levaranse a cabo no lugar de traballo do profesor e no horario indicado no apartado da guía correspondente. Tamén se poden realizar por correo electrónico á dirección de cada profesor indicando en asunto: TITORÍAS ORGANIZACIÓN SOCIAL DO TRABALLO: Mediano grupo: seminarios e sesións clínicas. Pequeno grupo: prácticas línicas. Individual: exame.
Seminarios	O alumno deberá darse de alta na plataforma Tema para o correcto seguimento da materia. TITORÍAS As titorías levaranse a cabo no lugar de traballo do profesor e no horario indicado no apartado da guía correspondente. Tamén se poden realizar por correo electrónico á dirección de cada profesor indicando en asunto: TITORÍAS ORGANIZACIÓN SOCIAL DO TRABALLO: Mediano grupo: seminarios e sesións clínicas. Pequeno grupo: prácticas línicas. Individual: exame.
Estudo de casos/análises de situacións	O alumno deberá darse de alta na plataforma Tema para o correcto seguimento da materia. TITORÍAS As titorías levaranse a cabo no lugar de traballo do profesor e no horario indicado no apartado da guía correspondente. Tamén se poden realizar por correo electrónico á dirección de cada profesor indicando en asunto: TITORÍAS ORGANIZACIÓN SOCIAL DO TRABALLO: Mediano grupo: seminarios e sesións clínicas. Pequeno grupo: prácticas línicas. Individual: exame.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Realizarase unha observación sistemática do alumno para recoller datos sobre a participación deste.	Tiene un valor del 10%
Estudo de casos/análises de situacións	Valorarase a análise realizada sobre a base do diagnóstico, obxectivos e o plan de tratamento, así como a exposición e defensa do mesmo.	Tiene un valor del 10%
Prácticas clínicas	Realizarase unha observación sistemática do alumno para recoller datos sobre a participación deste, baseándose en condutas e en criterios operativos.	Tiene un valor del 40%
Cartafol/dossier	O estudante recolle información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación das estanzas clínicas.	Tiene un valor del 10%
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O alumno realizará a valoración, sobre a base desta marcará os obxectivos, o plan de tratamento, e executará o tratamento.	Tiene un valor del 30%

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA:

. Para superar a materia o alumno debe realizar as prácticas clínicas, seminarios, sesións clínicas e o caderno. Realizarase

- control de asistencia mediante firma nas prácticas clínicas. Nos seminarios e sesións clínicas pasarase lista.
- . O alumno que suspenda dúas ou máis probas prácticas terá opción de recuperalas na segunda convocatoria do mesmo ano académico conservando as notas das outras partes da materia.
- . DEBERÁ CURSAR DE NOVO A MATERIA:
- Se ten máis dun 15% de faltas nos rotatorios debidamente xustificadas.
 - Se ten 3 faltas nos rotatorios sen xustificar.
 - Se ten máis dun 15% de faltas nos seminarios e sesións clínicas.
 - Se ten dúas ou máis observacións sistemáticas non superadas.
 - Se ten o caderno de dous ou máis rotatorios sen entregar.

Bibliografía. Fontes de información

Porter S., **Tidy. Fisioterapia.**, 14 Ed. Barcelona: Elsevier;2009,
Meadows, JT., **Diagnostico diferencial en Fisioterapia**, Madrid: Interamericana. Mc Graw-Hill; 2000,
Enciclopedia Medicoquirúrgica. Fisioterapia, Elsevier France; 2003,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Valoración en fisioterapia/P05G170V01204
Bioquímica-física: Bioquímica e biofísica/P05G170V01102
Fundamentos de fisioterapia/P05G170V01104
Anatomía humana: Anatomía humana/P05G170V01101
Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103
Afeccións medicocirúrxicas/P05G170V01201
Fisioloxía: Movemento funcional en fisioterapia/P05G170V01202
Psicoloxía: Aplicacións en ciencias da saúde/P05G170V01203
Afeccións cirúrxicas/P05G170V01301
Cinesiterapia/P05G170V01303
Electroterapia e ultrasonoterapia/P05G170V01401
Fisioterapia manipulativa articular/P05G170V01402
Afeccións médicas/P05G170V01302
Saúde pública e fisioterapia comunitaria/P05G170V01404
Fisioterapia neurolóxica e especial/P05G170V01501
Fisioterapia respiratoria e masoterapia especial/P05G170V01502

Outros comentarios

Para poder matricularse de Estanzas clínicas, o alumno ten que ter cursado previamente as materias de Fisioterapia en especialidades clínicas I e Fisioterapia en especialidades clínicas II.
Entendese por cursar a materia ter consumida unha convocatoria